

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

ORDE do 17 de novembro de 2022 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 2 de maio de 2022 pola que se convocan axudas dirixidas a escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro.

Mediante a Orde do 2 de maio de 2022 (DOG do 30 de maio) publicouse a convocatoria de axudas dirixidas a escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro.

Tras valorar a comisión as solicitudes e a documentación presentadas e elevada a proposta definitiva de concesión destas axudas, segundo prevén os puntos noveno e décimo da orde de convocatoria, e en virtude das atribucións que ten conferidas a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DISPOÑO:

Primeiro. Concederlles as axudas, nas contías que se sinalan, ás escolas de música dependentes de asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro que se relacionan no anexo I desta orde.

Segundo. O pagamento da subvención realizarase unha vez que o órgano concedente comprobe a xustificación presentada polo/a beneficiario/a da realización da actividade subvencionada. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación desta resolución de concesión.

Terceiro. Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben presentar directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir



do día seguinte ao da súa publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022; DOG núm. 151, do 9 de agosto)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades

ANEXO I

Concello	Código do centro	Escola de música	Importe
Agolada	36025074	EMUSPR de Agolada	2.901,63 €
Antas de Ulla	27016561	EMUSPR de Antas de Ulla	1.088,11 €
Barro	36025086	EMUSPR de Barro	1.783,29 €
Cambre	15032856	EMUSPR Sementeira de Cambre	5.470,78 €
Cangas	36025131	EMUSPR Staccato	2.327,35 €
Celanova	32020859	EMUSPR EMBC	5.410,33 €
Chantada	27020975	EMUSPR Casa da Música de Chantada	6.921,60 €
Coruña, A	15032947	EMUSPR Compañía de María	5.984,61 €
Gondomar	36024896	EMUSPR Agrupación Musical de Vincios	5.017,40 €
Lalín	36019967	EMUSPR Banda de Lalín	3.657,26 €
Lalín	36025025	EMUSPR Escola de Música de Vilatuxe	3.959,52 €
Mos	36024501	EMUSPR de Mos	12.362,15 €
Neves, As	36024321	EMUSPR Popular de Rubiós	2.750,50 €
Ponteareas	36001562	EMUSPR Unión de Guláns	1.722,84 €
Ponteareas	36024021	EMUSPR de Xinzo	6.407,77 €
Pontevedra	36024033	EMUSPR A Tempo	3.596,81 €
Pontevedra	36024732	EMUSPR de Salcedo	2.871,41 €
Redondela	36024941	EMUSPR de Chapela	6.679,80 €
Rianxo	15033083	EMUSPR de Rianxo	7.223,85 €
Ribadavia	32020847	EMUSPR Mestre Veneroni	2.810,96 €
Ribadumia	36025098	EMUSPR Escola de Música de Ribadumia	4.866,28 €
Rosal, O	36000843	EMUSPR Agrupación Musical do Rosal	7.284,30 €



Concello	Código do centro	Escola de música	Importe
Salceda de Caselas	36020222	EMUSPR Asociación Amigos da Música	7.163,40 €
Santiso	15027824	EMUSPR de Visantofña	2.569,15 €
Soutomaior	36024549	EMUSPR Artística de Arcade	1.360,14 €
Teo	15027769	EMUSPR de Calo-Teo	2.962,08 €
Tomíño	36025141	EMUSPR Escola de Música Goián	4.654,70 €
Vigo	36000867	EMUSPR Atlántida	6.649,57 €
Vigo	36019943	EMUSPR de Beade	5.289,43 €
Vigo	36024379	EMUSPR Unión Musical de Coruxo	3.234,11 €
Vigo	36024744	EMUSPR de Valadares	6.135,74 €
Vigo	36025116	EMUSPR Escola de Música Ateneo Musical de Bembrive	4.956,95 €
Vilaboa	36024999	EMUSPR de Vilaboa	5.682,36 €
Vilanova de Arousa	36024719	EMUSPR de Vilanova	5.501,01 €
Xinzo de Limia	32020902	EMUSPR da Limia	5.742,81 €
Total			165.000,00 €

